



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACION MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS,CELEBRADA O 9 DE OUTUBRO DO 2015.-

Casa do Concello Ponteareas 9 de outubro do 2015, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez, coa asistencia da secretaria accidental dona Pilar Rodríguez Domínguez, están reunidos os señores concelleiros dona M^a Jesus Garrote Represas, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Cristina Fernández Davila, don Francisco F. Alonso Pedreira, dona Verónica Carrera Blanco, dona Vanesa Fernández Soage, don Benito Marquez Castro, don Mario Lago Moriña, don Manuel Norberto Troncoso Rodriguez, don Salvador González Solla, dona Belén Villar González, don Andrés Sampedro Fernández, don Domingo Freitas Dalmeida, don Alberto Novoa Iglesias, con Jesus Manuel Cao Vila, don Juan Carlos González Carrera e don Lino Costas Vila, non asistindo dona M^a Soledad Valado Pérez, dona Raquel Bautista Alfaya e dona M^a José González Aparicio, con obxecto de levar a cabo sesión extraordinaria da Corporación Municipal previamente convocada para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 12,06 horas, polo Sr. Alcalde dase por iniciada a sesión e de conformidade coa orde do día son adoptados os seguintes acordos:

1.- Proposta de solicitude ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de aprazamento a 120 mensualidades da devolución da liquidación negativa do PIE de 2013, por 605.436,56 euros, a partir de xaneiro de 2016.-

Vista a proposta do Sr. Alcalde do 05-10-15 ,do teor:

“PROPOSTA DE APRAZAMENTO DE 120 MENSUALIDADES DA DEVOLUCIÓN DO SALDO DEBEDOR RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DA PARTICIPACIÓN DOS TRIBUTOS DO ESTADO CORRESPONDENTE Ó ANO 2013 DO CONCELLO DE PONTEAREAS (605.436,56 EUROS)

A Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, regula que os saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais nas liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado do ano 2013, que para o Concello de Ponteareas ascende a 605.436,53 euros, que se poida solicitar o fraccionamento da devolución en 120 mensualidades a partir de xaneiro de 2016.

O Concello de Ponteareas prevé cumprir a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei Reuladora das Facendas Locais, 2/2004, e o período medio de pago non supera en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de medidas contra a morosidade nas operacións comerciais conforme ao Real Decreto 635/2014.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Proposta de acordo:

SOLICITAR DO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS O APRAZAMENTO DE 120 MENSULIDADES DA LIQUIDACIÓN DA PARTICIPACIÓN DOS TRIBUTOS DO ESTADO CORRESPONDENTE O ANO 2013 DO CONCELLO DE PONTEAREAS, 605.436,56 EUROS, A PARTIR DE XANEIRO DE 2016”.-

Visto o informe do interventor do 30-09-15.

Visto o dictame favorable da comisión informativa Especial de Contas e Facenda do 05-10-15.

SÍNTESES DE INTERVENCIÓNS.-

O SR. ALCALDE da conta da proposta de solicitar ao ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o aprazamento a 120 mensualidades da liquidación da participación dos tributos do Estado correspondente o ano 2013 do Concello de Ponteareas, 605.436,56 euros, a partir de xaneiro de 2016.

Conta co informe favorable do interventor.

O SR. COSTAS VILA, dacordo coa proposta, votaremos a favor.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ACIP vai apoiar a proposta. Decir que tamén é a proposta da FEGAMP.

Dada a situación de crise grave económica que están sufrindo os concellos, 120 meses, 10 anos, deixaremos cargas aos novos gobernos, algúns nos estaban dacordo, falaban de hipotecar.

Imos aprobar a proposta, en aras a colaborar, pero non olviden o que dixeron de hipotecar.

Terán que a partir do 2016 pagar a débeda ao Estado, pero non olviden que hai que gobernar e tomar decisións.

A SRA. GARROTE REPRESAS, estamos a favor.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, dacordo, a 10 anos, pero tamén lle digo que saben que teñen que cumprir a Lei de Estabilidade, periodo de pago a provedores, etc, oxalá se cumpla e non se superen os 30 días fixados polo Estado.

Levan 3 meses votándolle a culpa ao PP, decindo que non teñen cartos, é unha falsedade o que din.

Aparte este tipo de medidas é similar á que truxo o PP cando o plan de axuste ao que BNG-PSOE votaron en contra hipotecando ao concello.

Mudan agora o criterio.

Si hoxe poden facer isto é que o goberno do PP aprobou o plan de axuste.

Sairon na prensa decindo reducir o gasto corrente e que a culpa era do PP, tamén o dixeron na páxina web do concello na que fan propaganda, non é legal.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O Estado é o que liquida, prevé os ingresos o ano anterior, son cálculos estimados, pasou con todos os gobernos, non busquen culpables asuman o que hai.

Este concello 2008-2009 tivo que devolver, pero no 2012 ingresou 700.000 euros, non entendo o seu discurso.

Non vai quedar en situación límite (10.000 euros/mes), e ao final de ano acaba o pago relativo do 2008 (compensa). Non saian con mensaxes alarmistas.

En situación límite quedou cando vostedes non apoiaron, non superon que a débeda se podía refinanciar.

O SR. ALCALDE, vaia rematando, cando queira debatimos diso.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, na prensa dixeron que había 1,5 millóns de facturas no caixón, é unha mentira, unha vergoña.

Si se cree esas cousas que din, dame a impresión de que cando estaban na oposición non se enteraban.

O SR. ALCALDE, pode falar cando queira, pida un pleno e falaremos diso. Remate lave falando mais de 7 minutos.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, cando vostedes estaban na oposición non se enteraban dos temas.

Vostedes o que levan feito é criticar, pero non fan feitos.

O SR. ALCALDE, cíñéndome ao tema do debate, decir que os calculos son estimados, pero están mal estimados, ten a súa orixe por aplicar criterios de distribución do Fondo, que non se adaptan á realidade de Galicia, un deles é a revisión de valores catastrais colleron valores do 2009 e no Ministerio aparece cun elevado maior, e polo tanto din devolución.

É unha decisión do Estado.

Sobre as propostas de hoxe, decirlle á Sra. Villar que conta do informe favorable do interventor e que se van a cumprir as exixencias do Ministerio.

Sobre débedas sen contabilizar, dígolle que con 1,5 millóns nos quedamos cortos (sentenzas sen pagar e outras da súa xestión do PP) e si neste momento estamos embargados coa rebaixa do 57 % dos ingresos foi por non aprobar o Ministerio, o seu plan de saneamento, porque era inviable.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, está mintindo, é un mentiroso.

O SR. ALCALDE, cálese Sr. Solla ou pida a palabra.

Estase falando do plan de axuste e que a Sra. Villar desminta.

Aclaro en xuño 2012 este concello (cos votos do PP e ACIP) e rexeitado pola oposición aprobou un plan que non contemplaba por exemplo o peche da TV ou o Castelo traspasado.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O 9 do xullo o Sr. Montoro rexeitou ese Plan e en outubro comezou a minoración dos ingresos do 50% , e por iso logo levaron ao pleno o peche da TV, e si esas medidas as hubesen tomado antes, non estaríamos asfixiados. A axfixia é responsabilidade do PP, por non pagar as débedas atrasadas e por non facer un plan de axuste viable. Cando queiran falar da situación económica do concello, encantado, facermos un pleno monográfico.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, non vou a entrar, nos estabamos en minoría. A devolución do PIE, dixo vostede barbaridades, os criterios son en base a poboación, esforzo fiscal, taxa tributaria. Na revisión catastral falor de pagar IBI, si pagamos mais corresponderían mais ingresos. O informe do interventor non di eso, di das 3 cuestións, fala de liquidación, xa veremos si se cumpre. No 1º e 2º trimestre non se cumpría o prazo dos 30 días,era 40.Non minta. Apoiamos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, pido un minuto por alusións, vostede minte.

O SR. ALCALDE, minte vostede.
Non ten a palabra.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, déixeme falar.

O SR. ALCALDE, pida un informe técnico do Catastro, verá como lle din valor do patrimonio do Condello (das propiedades dos veciños).
Comproben os poucos que teñen que devolver.

O SR. GONZAÉLZ SOLLA. son un 80% dos concellos.

O SR. ALCALDE, non, todos.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, deixeme 5 minutos.

O SR. ALCALDE, está na oposición, non ten a palabra.

Votación.-

Unanimidade a favor dos membros presentes, 18 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 6 PP, 1 ACIP, 1 EU), a Corporación Municipal acorda:

-Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o aprazamento a 120 mensualidades da liquidación da participación dos tributos do Estado correspondente o ano 2013 do Concello de Ponteareas, 605.436,56 euros, a partir de xaneiro de 2016.



2.-Proposta do Concelleiro de Facenda do 30-09-15 de desestimar as reclamacións presentadas á Conta Xeral do 2014, por D. José Tubio Otero e por D. Andrés Sampedro Fernández (en calidade de concelleiro do PP, e, aprobación da Conta Xeral do 2014.-

Vista a proposta do concelleiro de Facenda do 30-09-15, do teor:

“.-ASUNTO: RECLAMACIÓNS A CONTA XERAL DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO ECONÓMICO DO 2014.

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ó Presuposto do ano 2014, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente e ditaminada pola Comisión Especial de Contas, foi exposta ó público polo prazo que regulamenta o artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 168 de 1 de setembro do 2015.

En dito prazo de exposición pública foron presentadas dúas reclamacións: Unha primeira de data 24 de setembro formulada por don José Tubio Otero (DNI 36.048.355-H) e unha segunda de data 28 de setembro suscrita por don Andrés Sampedro Fernández (DNI 76.893.818-B) en calidade de Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, ambas con data de rexistro de entrada neste Concello de 28 de setembro do 2015.

Polo que se refire á primeira das referidas reclamacións, tal e como se indica no informe de Intervención do día da data conclúese que as mesmas non versan sobre aspectos ou extremos relativos a formación da Conta Xeral, senón que se trata de apreciacións basicamente subxectivas que non gardan relación algunha co acto ou procedemento de rendición da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio económico do 2014, razón pola cal procede a súa desestimación.

En canto á segunda das reclamacións efectuadas, este e, a presentada por D. Andrés Sampedro Fernández en calidade de Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, e polo tanto en representación deste, debe indicarse en relación o seu contido que analizado o expediente da Conta Xera, constatase que tendo en conta que a data da posta a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas debería ser o día 4 de maio, a memoria das mesmas esta asinada con data 12 de maio.

Agora ben, a vista disto o feito de producirse o remate na elaboración das contas en data posterior a aquela primeira data de 4 de maio determinada pola esixencias da normativa autonómica galega, non constitúe impedimento do cumprimento deste requisito da lexislación autonómica referente a posta a disposición dos membros da Comisión Especial de Contas da documentación



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Debe terse en conta que a conta formada corresponde a un exercicio económico no que o reclamante ostentaba a condición de membro do goberno municipal e polo tanto xestor e executor do presuposto o que se refire a Conta reclamada, e que a mesma foi formada e suscrita polo Alcalde-Presidente membro do Grupo municipal que reclama, polo que resulta difícil por non dicir imposible apreciar descoñecemento do alegante respecto do contido e documentación complementaria da conta a rendir e en consecuencia apreciar de forma obxectiva boa fe na reclamación formulada.

Por outra banda a reclamación presentada adoece de problemas de lexitimación activa, dado que se formula en representación dun Grupo Político Municipal, cuxa función debe contextualizarse como de carácter interno no seo da Corporación na que se ten constituído.

Non se quere dicir que o Grupo Político Municipal en canto tal careza de lexitimación activa, pero si que ista é limitada precisamente pola propia natureza xurídica do Grupo Municipal. O Grupo Municipal ten garantido legalmente a súa presenza na composición das Comisións Informativas e en consecuencia na Comisión Especial de Contas, e debe ser a través desta Comisión e dos seus mecanismos de funcionamento onde ten que levar a cabo o desenvolvemento da súa función.

Na propia reclamación se fai constar expresamente que o incumprimento polo cal se alega non consta de modo expreso no ditame da aprobación provisional, co cal se coñece a dexación da función do Grupo municipal reclamante no seu da Comisión, o que agora pretende substituír coa presentación da reclamación, o que conduce, en definitiva, a unha falta de lexitimación activa.

Por todo elo procede a desestimación desta reclamación.

En base ó exposto e co obxecto de dar cumprimento o artigo 212.4 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais propónse que a Comisión Informativa Especial de Contas mediante o correspondente ditame eleve ó Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro: Desestimar as reclamacións presentadas por don José Tubio Otero (DNI 36.048.355-H) e D. Andrés Sampedro Fernández (DNI 76.893.818-B) en calidade de Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, polos motivos expostos anteriormente.

Segundo: Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Ponteareas correspondente ó ano 2014 integrada polo presuposto da propia entidade e composta polos seguintes estados e contas anuais:

-Balance.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

- Conta de resultados económico-patrimoniais.
- Liquidación do presuposto.
- Memoria, co desglose que establece a Instrucción de Contabilidade modelo normal.

Terceiro: Remitir ó Consello de Contas de Galicia a conta Xeral do ano 2014, tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrucción e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de dta 3 de maio de 2011 relativo ó formato normatizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais”.-

Visto o informe do Interventor do 30-09-15.

Visto o dictame favorable da comisión informativa Especial de Contas e Facenda do 05-10-2015.

O SR. ALCALDE, a conta é do anterior goberno do PP, que estaban rematadas a data do 12 de maio 2015, o que procede é sometelas ao Pleno, despois do periodo de alegacións.

O Goberno non é responsable das contas, pero por responsabilidade política (aínda que non estamos dacordo de como se fixo o gasto), imos votar a favor, pero non somos responsales das contas do 2014.

Non estamos dacordo de como se gatou o diñeiro, pero é necesario para evitar ter mais perxuízos coas subvencións, multas ou retencións
Imos votar a favor.

O SR. COSTAS VILA, o punto incluía non so isto, senon as alegacións.

O SR. ALCALDE, leín a redacción.

O SR. COSTAS VILA, con relación á do Sr. Tubio Otero, decir que tal como dí o interventor, suxectivas, sí compartimos o espírito do que din de que se utilizan cartos públicos para empresas privadas (privatizacións que saen mais caras ao concello), e supón converter diñeiro en beneficios de privados, é unha valoración de como se gastan os cartos.

Imos absternos pero con respecto á do PP dos 15 días, comisión especial de contas, poden ter razón no dos 3 días paro en maio as contas as fixo o PP. Hai unha intención de entorpecer a labor do concello.

Lembar é certo 3 días para analizalas non son suficientes, danse 15 + 8 días pero para os que non estamos acostumbrados, creo non suficientes, pedín ao Alcalde se puxeran as contas no portal de transparencia(Hoxe valeiro), podía



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

telas publicitalas na web. Reitero a petición de colgar as contas e permanentemente.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, que conste en acta que as contas non son do goberno municipal, pero por responsabilidade imos votar a favor, aínda que non estamos nalguns puntos de acordo.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, é un acordo anual, pero nos na maioría dos anos anteriores votamos a favor, pero hoxe nos estamos dacordo coa execución. Como imos ser partícipes dunha situación que se nos prohíbe, así o dixemos na primeira comisión informativa e na 2ª do luns pasado. Nos presentamos alegación o 8 de setembro e non se tratou na comisión informativa.

Ese acordo é nulo de pleno dereito. Non sei a onde quere chegar.

Se coartan os nosos dereitos fundamentais.

As contas son necesarias pero non imos votar a favor.

O dos 15 días antes, son por lei, e se nos contesta que non estamos lexitimados para facer a alegación. O goberno se equivoca.

Podían recoñecer que tiveron un erro.

Se incumple a lei, o BNG antes exixía que estivera na comisión o interventor, e houbo que convocala de novo, agora é o mesmo.

A alegación non se levou a comisión informativa.

O goberno que faga o que crea oportuno e faremos o que teñamos que facer.

A SRA. GARROTE REPRESAS, xa en anos anteriores non abstíñamos, pero agora imos votar a favor por un acto de responsabilidade.

A SRA. VILLAR GONZALEZ, non sexa estricto con darnos 5 minutos de intervención, son nosas contas, do PP.

Estamos en contra da tramitación irregular, que se cunpla a lei, por iso mos absternos.

O que pasou foi que esqueceronse.

Decirle o goberno do PP o 12 de maio 2015 as deixou preparadas.

O interventor, e se di na acta da comisión informativa, di que non ten a obriga de informar, non é preceptivo pero que o fai voluntariamente para que quede clara a miña postura que cando estiven aquí.

En maio firmamos as contas, pero o 24 dese mes houbo eleccións, estabamos en funcións.

Non a truxemos por falta do informe de intervención por eso non se presentaron.

Vostedes entraron o 13 de xuño, e si saben iso porque non van a xunta do interventor e lles din que se esqueceron?.

Non fixeron traspaso de poderes porque non quixeron eu llo dixen a teniente Alcalde, llo dixen a ela. Non queixeron, ala vostedes.

É o colmo, din atrancos, pedimos que se cumpla, non nos deixaron tempo, non só a nos, tamén aos demais grupos que non as coñecían. É un dereito que temos e queremos exercelos.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Vostedes queren o regulamento de participación cidadá e non cumpren o regulamento do goberno.

Van a votar as contas do PP, son prioritarias aprobalas, nunca lles importou pero agora falan de por responsabilidade.

Nunca votou a favor das contas, nin as do bipartito, e agora votan a nosa por interese xeral.

Na oposición falaban de cumprir a normativa dos 15 días, e voltamos a convocar, e íamos fora de prazo e sacámolas. Agora vostedes son do goberno, a lei non se cumpre e prevalece o interese xeral.

Non estamos en contra, defendémoas, se xestionou ben o Presuposto, aforrouse 1,32 millóns de euros neste ano.

Si ve a liquidación, gastabamos pero pagamos, cobros ben xestionados. Pagos por 13,42 millóns de euros, e Vds falan dun servizo da estación de autobuses (hipotecamonos), é falso o que din, a estación no 2014 costou 35.000 euros e ingresouse 28.000, lonxe dos 50.000 que falan pero vostedes falan de 200.000, é unha mentira e tiña gañas de decilo.

Entón non coñecen as contas.

Fondos 1,5 millóns de euros, deixamos liquidez.

-Remanente de tesorería redúxose en 2 millóns e o PP na lexislatura reduxo medio, boa xestión. Intervención di cúmplese.

O SR. ALCALDE, leva mais de 10 minutos falando, remate.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, fala.

O SR. ALCALDE, non lle coma tempo.

A SRA. VILLAR GONZÁLEZ, polo tanto a conta de hoxe é positiva non está todo listo, pero se reduxeron as débedas e se incrementaron servizos, axudas, escolas, pago a empresas correcto, depuranronse moitos saldos de contas.

O feito está ahí, espero que cando menos vostedes o fagan cando menos igual.

O SR. ALCALDE, coincido o que decía das contas en canto as transparencias, agardo que en breve haxa coincidencia co dito por EU, pedimos tempo, para contar cos medios oportunos informáticos.

Sobre o do Sr. González Carrera, tal como dí o asesor xurídico a reclamación non é contra as contas, é sobre a convocatoria.

Non hai esa indefensión.

Sra. Villar, estación de autobuses, falaremos na comisión informativa, para o pleno do día 20.

En todo caso a vostede as súas conversas telefónicas relativas á operación Patos, esas sí son verdade.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, cíñase.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR.ALCALDE, o que non dixo era quen gobernaba cando entrou vostede no concello. Empezou en outubro 2012 a retención do Estado.
Comezaron a cambiar por imposición legal, non por decisión súa.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, non intente descalificarme, seguro que si informara unha secretaria de Habilitación, sería doutro xeiro o informe.

A comisión foi convocada ilegalmente.

A alegación do PP é igual a nosa.

Olvidouse da nosa.

Presentamos unha no mesmo sentido que a do PP, e non a trae. O acordo é nulo.

A SRA. GARROTE REPRESAS, cando nos chamou mentirosos debía caerlle a cara de vergonza.

Non houbo traspaso de poderes, era súa responsabilidade. Na miña área habia 5 escritos.

Vd fixeron sair pola porta de atrás.

¿Cando nos votamos en contra?

Nos con abstención facilitabamos aprobar (exemplo as farolas ornamentais 6.000 euros), é certo que non debería aprobalas, pero o fago por responsabilidade.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, por alusións.

Non vou falar de traspaso de poder, nin siquiera querían traer os teléfonos.

O SR. NOVOA IGLESIAS, fala.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, xa tocará, xa falaremos non ofenda a intelixencia dos cidadáns .

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, pido a palabra.

A SRA. VILLARGONZALEZ, pido a palabra.

O SR. ALCALDE, póñanse de acordo, só falará un do PP.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, a portavoz está falando sobre o punto.

O día que houbo a investidura na Alcaldía lle dixen cando queira chámeme, O Sr. Represas ata hoxe non me chamou.

Teléfonos, nos pediamos que se nos traspasara o número, non nos negamos.

Eso mesmo fixo Nava Castro no seu día.

Farola, é da rotonda de Bozua Brey.

Puxeron xardineras na plaza de abastos de mais de tres mil euros.

O SR. ALCALDE, non hai mais intervencións...

A SRA. VILLAR GONZALEZ, un minuto, fan acusacións.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, pido votacións.

A SRA. VILLAR insiste,

O SR. ALCALDE, doulle 30 segundos.

A SRA. BAUTISTA FERNANDEZ, protesto.

O SR. GONZÁLEZ SOLLA, abandono o pleno.

Os Sres. concelleiros do PP (Sr. González Solla, Villar González, Cao Vila, Novoa Iglesias; Samp Pedro Fernandez e Freitas Dalmeida), abandonan o pleno definitivamente,

O SR. ALCALDE, somete a proposta a votación.

A Corporación Municipal, por 10 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea), 1 abstención de EU, e 1 voto en contra de ACIP, acordou:

Primeiro: Desestimar as reclamacións presentadas por don José Tubio Otero (DNI 36.048.355-H) e D. Andrés Samp Pedro Fernández (DNI 76.893.818-B) en calidade de Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, polos motivos expostos anteriormente.

Segundo: Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Ponteareas correspondente ó ano 2014 integrada polo presuposto da propia entidade e composta polos seguintes estados e contas anuais:

-Balance.

-Conta de resultados económico-patrimoniais.

-Liquidación do presuposto.

-Memoria, co desglose que establece a Instrucción de Contabilidade modelo normal.

Terceiro: Remitir ó Consello de Contas de Galicia a conta Xeral do ano 2014, tendo en conta a Resolución do 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se fai público o Acordo do Pleno de 29 de marzo de 2007, que aproba a Instrucción e o procedemento telemático para a rendición das contas, e o Acordo do Pleno do Consello de Contas de data 3 de maio de 2011 relativo ó formato normatizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, así como o Convenio asinado entre o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia para a implantación de medidas de coordinación da rendición telemática das contas xerais das Entidades Locais”.-

3.-Moción do Grupo Municipal ACIP, con rexistro do 04-09-15 (nº 7225) sobre creación dunha liña de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar.-

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, da conta da mocion, do teor:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

“Na sociedade actual, estamos a vivir uns momentos moi complicados debido a grave situación económica que vive o noso país e que afecta a moitos dos nosos veciños.

Ante o comezo do curso escolar moitos pais vense impotentes ante a falta de recursos económicos para poder facer fronte aos gastos do material escolar e da adquisición de libros de texto e material escolar para os seus fillos.

O cal crea unha situación de desigualdade para os seus fillos ante algo tan esencial como é a educación dos nosos fillos.

Ante tal situación o noso Concello non pode mirar para outro lado e xustificarse ante a falta de cartos no Concello, e mais o Concello está recibindo ingresos extras de revisión de catastro e outras taxas que superan en moito os ingresos previstos.

Outros Concellos de España, incluso outras comunidades autónomas, están levando a cabo programas de gratuidade total de libros de texto e material escolar, dando prioridade nos presupostos.

POR TODO O EXPOSTO PROPOÑO ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL A TOMA DOS SEGUINTE ACORDOS.

1º.- Se creen unhas bases de axudas para a adquisición de libros e material escolar para tódolos alumnos que o precisen, escolarizados nos centros escolares de este Concello.

2º.- Ditas axudas teñen que estar resoltas antes do 31 de decembro do 2015 e feito o pagamento das mesmas.

Ditas bases pódense realizar igualmente a pesar do comenzo do curso escolar.

As mesmas debe dársele a maior difusión, información e publicidade”.

Matizo o 2º punto, non temos inconvinte, axudas a posterior do 31 de decembro.

No caso de Ponteareas temos uns 2300 alumnos.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, en base ao informe xurídico e despois de leido nos condiciona por culpa do regulamento actual, pídolle que retire o asunto da orde do día, aínda que non estou en contra, pero por emerxencia social nos condiciona.

Podes retiralo e podes modificar o regulamento incluíndo a educación infantil, tratar de modificalo para poder acollerse desde emerxencia social.

Legalmente non se pode. Temos que modificalo.

Pido retiralo e sentarnos a falar, variar o regulamento.

En educación infantil, sí podemos, pero non nas da competencia da Xunta.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. COSTAS VILA, non vin o informe.

O SR. ALCALDE, era de data do 8 de outubro, entendo que non o tivera pero estaba na carpeta do pleno.

Na comisión informativa se solicitou ese informe e nolo deron onte, por iso non se enviou previamente.

Dáselle copia ao Sr. Costas Vila.

A SRA. GARROTE REPRESAS, sabe como traballamos no regulamento e se se chegou a un documento, aparecían no regulamento e se facía constar alimentación, hixiene, e axudas escolares,

Na comisión informativa rexeitamos, e o PP-ACIP consideraban ían facer unhas bases, e eles por non facelas deixaronno fora. Dou lectura ao artigo 14, aquí poderían entrar.

En decembro 2014 o PSOE pediu modificalo .

Neste pouco tempo non tiveron tempo pero si o retiran apra o vindeiro ano podemos tratar un regulamento de cantidades por bolsa competitiva.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, ACIP a presentou en setembro, a escola comezou, o 13 de xuño entrou o novo goberno, pero non poden dicir tempo de abondo, saben que sí pode facerse.

Puderon traer esa modificación.

Trátase de axudar as familias (non falamos de emerxencias), os libros de pre-escolar nalguns centros costan uns 600 euros.

Moitas familias teñen 2,3 nenos, falamos de axudas aos veciños, non vamos cos 50 euros que da a Xunta, nos temos formas de axudar pero si podemos buscar a maneira, outros concellos o están facendo, como Vigo que quitou unha serie de axudas para o curso, e dan 85 euros en infantil, ou Ourense, Arteixo.

¿Porqué razón non aquí?.

Hai casos de irmáns que un estando en 4º da ESO non lle corresponde nada, é familia numerosa.

Non falamos de emerxencia. Dixo Sr. Troncoso na comisión informativa que non sabía de ningún caso, non ten nada que ver co emerxencia.

Falar coas asociacións non, ter vontade política como outros concellos.

Moitos pais non poden, estamos dándolle aos veciños o que corresponde.

Non imos retiralo.

O SR. COSTAS VILA, non poden valorar ben o informe, pero vou absterme.

Non creo que sexa dualidade de competencias, os de infantil non teñen axudas.

Debemos darlle unhas voltas para sacalo adiante.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, a postura do goberno e pedir a retirada e voltar a traelo cos informes económicos .

Tedes un entendemento e si lle parece ao Sr. González Carrera nos comprometemos a estudar entre todos aqueles casos de rentas mais baixas ou aqueles casos de educación infantil.

Tal como está proposto e visto o informe non vai servir.

Apuntaba Troncoso modificar e pódese estudar esas propostas de axudas a familias con poucos ingresos, e atender os casos que non atende a Xunta para familias con menos recursos.

Intención de tomar así o acordo, e co informe xurídico e económico.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ, este era un punto a tratar na constitución do Consello Sectorial Social, arranxar o de educación infantil non reglada, loitamos por iso.

Sr. González, benvido a esquerda.

Sae a Sra. Fernandez Soage, incorporándose nuns intres.

A SRA. GARROTE REPRESAS, o seu grupo cando fixemos o regulamento considerou apoiar ao PP por iso o PP tivo as armas para facelo así.

Non podemos coller cartos da calquer sitio.

De todas formas dixéramos que ese documento era mellorable.

A SRA. FERNANDEZ DAVILA, penso que todos estamos dacordo, non podemos esquecer loitar pola escola pública e que as familias disfruten dun ensino gratuito, e que dende os centros se lles entreguen os libros e o material escolar.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, estamos falando do que o goberno non fixo estes meses, axudar as familias.

Xa escoitel As concelleiros/as Troncoso e a Fernández.

Sr. Troncoso, non son de esquerdas nin de dereitas, pero non implica construír o mellor para todos. Non falemos de ideoloxías. Falemos dos compromisos.

Non estou dacordo coa Sra. Garrote porque vostede apoiou o regulamento, non me valen medias tintas. Ese día votou a favor, agora teñen responsabilidade de gobernar. En 4 meses non solucionaron nada disto.

Falamos dos veciños, de 3000 estudantes.

O mantemos por responsabilidade.

Non fala o informe do porqué outros concellos o aplican. Vostedes acaban de votar algo ilegal.

O SR. ALCALDE, dado que o Sr. González Carrera o mantén, e o goberno non pode votar a favor polo informe xurídico, propoño votar unha emenda verbal, no sentido de que se modifique o regulamento de emerxencia social incluíndo partida para material escolar mais libros de texto para familias con escasos recursos e que non tiveran concedidas outras axudas polo mesmo motivo da Xunta de Galicia, e elaborar unhas bases que regulen axudas para familias con



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

rendas limitadas para libros de texto e material escolar de infantil e outros cursos que non lles corresponda as axudas polo mesmo motivo da Xunta de Galicia.

Propoño isto como emenda da moción de ACIP, entre todos elaboralo e traelo ao pleno cos informes xuridico-económicos.

Solicito votación a esta emenda.

O SR. COSTAS VILA, como dixen vou absterme, non poden estudar ben o tema pero dacordo coa Sra. Fernandez Davila, ísto é unha medida parche. A cuestión é que a Xunta dera os cartos para os libros.

O SR. TRONCOSO RODRIGUEZ ,aquí non chegan a 600 nenos. Si vamos pola renda, non queda ninguén.

Cruz Vermella, Regino Giraldez, asistencia social, axudan, non son tantos os casos de exclusión social .

Os de mais de 9000 euros de renda, non poden acudir as axudas da Xunta. Tamén pedimos libros e material gratis na escola.

A SRA. GARROTE REPRESAS, comparto os posicionamentos.

Non podemos resolver cousas non propias.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, nenos de 3,5 anos dixen menos de 600 e Ponteareas ten 3288 escolares entre primaria, infantil e Eso.

Paa min é unha emerxencia. A un irmán si, a outro non. Non o acaban de entender.

¿Van axudar ou non?.

Por suposto grazas aos voluntarios, tamén a Caritas, Regino, Ponte Solidario...Iso hai que recoñecelo. Somos os representantes do pobo.

O SR. ALCALDE, solicito votación á emenda verbal de:

-Modificar o regulamento e crear unhas novas bases para toda a educación infantil e obrigatoria, dende a comisión de ensino e logo virá ao pleno.

VOTACION A EMENDA.-11 votos a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 1 EU) e 1 abstención do Sr. González Carrera).

Queda aprobada a emenda.-

O Sr. GONZALEZ CARRERA, non renuncio a moción pero abstéñome.

O SR. ALCALDE, Imos traballar nese sentido.

Sendo as 13,57 horas polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión do que eu; Secretaria accidental, dou fe.-